

## **NORMATIVA REGULADORA DA MATRÍCULA E A DEFENSA DO TRABALLO FIN DE GRAO (TFG) E DO TRABALLO FIN DE MESTRADO UNIVERSITARIO (TFM)**

### **Preámbulo**

O Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade establece no artigo 14.6 de “Directrices generales para el diseño de los planes de estudios de las enseñanzas de grado” que “O traballo de fin de grao, de carácter obrigatorio e cuxa superación é imprescindible para a obtención do título oficial, ten como obxectivo esencial a demostración, por parte do ou da estudante, do dominio e aplicación dos coñecementos, competencias e habilidades definitorios do título universitario oficial de grao”, e que o dito traballo “Deberá desenvolverse na fase final do plan de estudos, seguindo os criterios que cada universidade ou centro estableza. Así mesmo, os traballos de fin de grao deberán ser defendidos nun acto público, seguindo a normativa que, para tal efecto, estableza o centro ou, se for o caso, a universidade”. Analogamente, establece no artigo 17.4 de “Directrices xerais para o deseño dos plans de estudos das ensinanzas de máster universitario” que “Todos os plans de estudos de máster universitario incluírán un traballo de fin de máster, (...) cuxa finalidade é a de comprobar o nivel de dominio dos coñecementos, competencias e habilidades que alcanzou o ou a estudante, e cuxa superación é requisito imprescindible para obter o título oficial. Os traballos de fin de máster deberán ser defendidos nun acto público, seguindo a normativa que, para tal efecto, estableza o centro ou, se for o caso, a universidade”.

O Real decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do estudante universitario establece no artigo 27 que “Os proxectos de fin de carreira, traballos de fin de grao e máster,... rexeranse pola súa normativa específica”. Así mesmo, nas epígrafes *g)* e *h)* dos artigos 8 e 9 sinalanse os dereitos específicos do estudantado de grao e mestrado en relación co traballo de fin de grao e mestrado, respectivamente; e no artigo 30 o dereito á revisión das cualificacións.

O Consello de Goberno da Universidade da Coruña é competente para aprobar o calendario académico en que se establecen os períodos lectivos, as datas das convocatorias de avaliación de materias do primeiro e do segundo cuatrimestre, as da segunda oportunidade e as correspondentes ao adianto destas convocatorias, así como as datas de sinatura e entrega de actas. Non obstante, este calendario non fixa datas concretas para a defensa dos traballos de fin de grao e fin de mestrado (en diante TFG e TFM, respectivamente), polo que cada centro é autónomo para establecer o número de convocatorias e as datas que estimar oportunas, respectando a autonomía universitaria da UDC no caso de titulacións conxuntas, o disposto na normativa vixente da UDC e garantindo que cada estudante dispoña de dúas oportunidades de defensa en cada curso académico, incluída a oportunidade adiantada de decembro no caso de cumprir os requisitos para a súa avaliación.

A presente normativa desenvólvese coa finalidade de eliminar disfuncións e unificar os criterios e procedementos que garantan unha actuación homoxénea á hora de xestionar, planificar e avaliar os traballos de fin de estudos nas titulacións que se imparten na UDC.

### **Artigo 1. Matrícula do TFG e do TFM**

1. A matrícula do TFG/TFM realizarase dentro do prazo xeral para matrícula ordinaria que estableza a Universidade, para o cal efectuará o aboamento dos prezos públicos que correspondan, conforme os créditos que teñan asignados.

No caso de ter pendente de superación outras materias para rematar os estudos de grao ou mestrado, a matrícula realizarase de forma conxunta no prazo indicado.

2. Para formalizar a matrícula do TFG ou TFM, o alumnado poderá ter pendentes como máximo 78 créditos para completar os estudos, incluídos os correspondentes ao TFG ou TFM, e deberá matricularse tamén de todas as materias necesarias para rematar o plan de estudos da titulación, todo isto sen prexuízo de posibles excepcións que se recollan na Normativa de xestión académica da UDC.

3. Os/as estudantes que participen en programas de mobilidade ou dobres titulacións poderán matricularse do TFG ou TFM mentres realizan o programa de mobilidade. O seu réxime será establecido regulamentariamente.

4. A matrícula dará dereito á defensa do TFG ou TFM en dúas oportunidades no curso en que estea matriculado o/a alumno/a, e sempre que cumpra os requisitos para a súa avaliación.

5. No caso de que o/a estudante non obteña unha avaliación positiva, non concorra a ningunha das oportunidades da convocatoria ou non reúna os requisitos para presentar o traballo por ter materias pendentes, deberá formalizar unha nova matrícula noutro curso académico e aboar os prezos públicos correspondentes aos créditos do TFG ou TFM para poder dispor dunha nova convocatoria.

Unha vez formalizada a matrícula do TFG ou do TFM non procederá a devolución dos prezos aboados por ningunha das causas sinaladas anteriormente.

### **Artigo 2. Regulamentos de TFG e TFM**

1. Os centros, a través dos órganos ou comisións que determinen as súas xuntas de centro, deberán elaborar os regulamentos polos que se rexerán os TFG ou TFM das titulacións de grao e mestrado que lles corresponder, e deberán tomar en consideración as directrices de carácter xeral recollidas no artigo 6 desta norma, sen prexuízo das posibles particularidades de cada título, que necesariamente deberán ser atendidas de forma expresa nestes regulamentos.

2. Os regulamentos de TFG e TFM, unha vez elaborados e aprobados polas respectivas xuntas de centro, deberán remitirse á Comisión de Plans de Estudo, delegada do Consello de Goberno. Esta comisión revisará que se axusten ás directrices recollidas no artigo 6 e ás normas xerais da UDC que lles foren de aplicación. A Comisión, caso de non emitir un informe favorable, elaborará un outro informe para que o centro emende ou modifique deficiencias e establecerá un prazo de emenda e, de ser o caso, alegacións ao informe.

Unha vez que se conte co informe favorable da Comisión de Plans de Estudo, os regulamentos de TFG e TFM serán publicados no TEO e nas páxinas web institucionais dos centros en que se imparta o grao ou mestrado, e entrarán en vigor ao día seguinte da publicación no TEO.

### **Artigo 3. Realización do TFG e do TFM**

1. O TFG/TFM supón a realización por parte de cada estudante, de forma individual ou, excepcionalmente, en grupo, dun proxecto, unha memoria ou un estudo concreto baixo a dirección de, polo menos, un membro do PDI da UDC ou dalgunha das universidades participantes no caso de titulacións conxuntas ou programas de mobilidade, que actuará como director/a do traballo. No caso dos centros adscritos esta supervisión estará a cargo dun membro do profesorado propio.

Este traballo ten como obxectivo esencial a demostración, por parte do/a estudante, do dominio e aplicación dos coñecementos, competencias e habilidades acadados na titulación oficial de grao/mestrado.

2. Para o desenvolvemento en grupo do TFG ou TFM será preciso que este non estea impedido polo establecido na memoria de verificación do título, que o centro/título teña prevista esta modalidade no seu regulamento, fundamentalmente como proxecto de TFG ou TFM coordinado, e que exista unha clara delimitación de tarefas entre os membros do grupo, de xeito que sexa perfectamente avaliable a participación de cada estudante no resultado global. O título do traballo e a cualificación serán sempre individuais para cada estudante. Así mesmo, o centro deberá rexistrar na evidencia correspondente do SGIC unha xustificación detallada dos motivos polos que se considera precisa a realización do TFG ou TFM nesta modalidade.

### **Artigo 4. Defensa do TFG e do TFM**

1. O TFG e o TFM só poderán ser defendidos e avaliados unha vez que se teña constancia de que o/a estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de grao ou mestrado, agás os correspondentes aos propios TFG ou TFM.

No caso dos programas de mobilidade ou dos programas de simultaneidade de dobres titulacións con itinerario específico estarase ao previsto regulamentariamente. Os programas de simultaneidade recollerán na súa normativa específica se, para a defensa dos TFG ou TFM, é necesario ter superados todos os créditos correspondentes aos dous plans de estudos, agás o

propio TFG ou TFM, ou se, pola contra, é suficiente con ter superados os créditos dun dos títulos que o integran para poder defender o seu correspondente TFG ou TFM.

No caso de estudantes con matrícula condicionada por non ter superado integramente o título de acceso a un mestrado e que soliciten a defensa de ambos os traballos de fin de estudos (TFG e TFM) no mesmo curso académico, deberán acompañar as solicitudes de defensa cunha declaración responsable en que deixen constancia do non solapamento dos obxectivos e resultados dos traballos e da manifesta diferenciación entre eles. A persoa que exerza como presidente/a do tribunal que avalíe o TFM poderá solicitar ao/á estudante unha copia da memoria do TFG.

2. Para a defensa e avaliación do TFG ou TFM, o/a estudante disporá dunha convocatoria por curso académico con dúas oportunidades, de conformidade co disposto na normativa xeral de avaliación da UDC.

3. Os centros poderán establecer o número de convocatorias de defensa de TFG e TFM, así como as datas que estimaren oportunas, respectando as regras seguintes:

a) Unha convocatoria de defensa e avaliación dos TFG e dos TFM realizarase nos meses de outubro a xullo; e outra convocatoria de defensa nos meses de maio a setembro. De consideralo oportuno, e en beneficio do alumnado, poderán programarse outras convocatorias de defensa ao longo do curso.

No caso dos TFG, os centros deberán axustar as datas dunha destas convocatorias á normativa de preinscrición e matrícula de mestrado da UDC, de tal modo que se garante que o estudantado de grao que finalice a súa titulación no mes de xullo poida dispor do prazo de preinscrición ordinario establecido nesa normativa.

b) En todos os casos debe garantirse que cada estudante dispoña de dúas oportunidades de defensa en cada curso académico.

c) Os centros respectarán as datas límite que, para a sinatura e entrega de actas, consten no calendario académico aprobado polo Consello de Goberno das universidades participantes.

4. De forma excepcional, e sempre que o/a estudante non teña pendente máis que a superación do TFG ou do TFM para rematar os seus estudos de grao ou de mestrado universitario, poderá defendelo naquelas datas que estableza cada centro, desde o inicio do curso académico ate a data límite de sinatura e entrega de actas de segunda oportunidade que conste no calendario académico aprobado polo Consello de Goberno; pero deberá respectarse sempre o número máximo de dúas oportunidades do que poderá facer uso en cada curso académico.

5. O TFG ou TFM deberá ser defendido nun acto público de forma presencial ou virtual segundo a modalidade en que o/a estudante cursara o título:

a) O estudantado matriculado en modalidade presencial deberá defender os seu traballo de forma presencial.

b) O estudantado matriculado en modalidade híbrida ou virtual defenderá o seu traballo de forma presencial ou virtual, segundo se recolla no regulamento de TFG ou TFM do centro/título. Excepcionalmente e por causa debidamente xustificada, o/a estudante poderá solicitar a defensa do seu TFG ou TFM nunha modalidade diferente á recollida no regulamento de TFG ou TFM do centro/título. Para tal fin, presentará unha solicitude motivada e debidamente acreditada ante o/a decano/a ou director/a do centro, quen a resolverá unha vez comprobado que se dan as condicións legais, administrativas, técnicas, económicas ou doutra índole que xustifiquen a modalidade de defensa.

6. Os TFG ou TFM poden ser defendidos utilizando diversas metodoloxías, como a comunicación oral, a presentación do traballo en formato póster, ou o simposio, sempre que se garanta a presentación individual do traballo, en que se posibilite a asistencia de público e unha avaliación formal daquel por parte dun tribunal. Os regulamentos de defensa dos TFG ou TFM dos centros/títulos establecerán os mecanismos de presentación e de defensa que poden ser utilizados.

7. A guía docente do TFG ou TFM especificará o procedemento concreto de defensa, de entre os establecidos no regulamento do TFG ou TFM, así como os criterios de avaliación en cada modalidade que se permita, de acordo co disposto no plan de estudos de cada título e co acordado pola comisión académica do centro ou comisión en que esta delegue.

#### **Artigo 5. Avaliación e tribunais de TFG e TFM**

1. Os TFG ou TFM deberán ser avaliados por un tribunal nomeado e constituído para tal efecto, aínda que na dita avaliación tamén poderá intervir o/a director/a do traballo. Neste caso, o regulamento do TFG/TFM establecerá a porcentaxe da cualificación final que corresponde ao director/a.

Os tribunais de avaliación configuraranse da forma que establecer a xunta de centro ou, no seu caso, a comisión que tiver as competencias delegadas, segundo o número de estudantes matriculados/as e a temática dos diferentes TFG e TFM que se presentaren.

2. Cada tribunal estará formado como mínimo por tres persoas e os correspondentes suplentes. Todas elas deberán ser membros do profesorado do centro ao que está adscrito o título ou dos departamentos que imparten docencia na titulación de grao ou mestrado. O/a director/a do TFG e do TFM non poderá formar parte do tribunal.

3. Cada tribunal contará cunha persoa que o presida e outra que exerza como secretaria, designadas ambas de acordo cos criterios que estableza cada xunta de centro. O resto dos membros terán a consideración de vogais.

#### **Artigo 6. Directrices para a elaboración dos regulamentos de TFG e TFM**

1. A xunta de centro determinará que órgano ou comisión é competente na xestión dos TFG ou TFM ou, no seu caso, establecerá un órgano ou unha comisión que asuma estas competencias. A súa función principal será a de xestionar todo o proceso relativo aos TFG ou TFM e asegurar a aplicación do regulamento correspondente.

2. Na elaboración dos regulamentos deberase ter en conta o aprobado na memoria de verificación do título respecto dos TFG ou TFM. No caso de que o título habilite para o exercicio de actividades profesionais reguladas, deberá respectarse ademais o disposto na orde en que se sinalaren os requisitos para a verificación do correspondente título. No caso dos títulos conxuntos respectarase o establecido no convenio entre as universidades, sempre que non afecte á autonomía universitaria da UDC. No caso dos programas de simultaneidade de dobres titulacións con itinerario específico incluíranse os acordos da normativa que os regular.

3. Nos regulamentos deberá garantirse que o tema de que for obxecto o TFG ou TFM, tanto polo seu nivel de análise como pola súa extensión e os seus obxectivos, pode desenvolverse nun número de horas equivalentes aos créditos ETCS asignados a este traballo no plan de estudos e coa duración que alí se establecer.

4. Nos regulamentos deberán incluírse as seguintes determinacións:

a) Que a titularidade dos dereitos de propiedade intelectual, se for o caso, corresponderá a quen realizar o TFG ou TFM, sen prexuízo de que se poidan compartir eses dereitos se así o acordasen o/a autor/a e as persoas implicadas na elaboración do TFG ou TFM.

b) As medidas que garantan a confidencialidade dos TFG ou TFM durante o proceso de oferta, realización, depósito e defensa destes. Estas medidas deberán aplicarse logo de llo pedir á dirección/decanato do centro o/a docente que dirixa o traballo, o/a estudante autor do traballo ou ambos. Ademais de recoller o procedemento que hai que seguir para presentar e resolver a solicitude, deberanse indicar os límites que cómpre ter en conta no momento do depósito do traballo e envío ao tribunal avaliador, durante a defensa e a avaliación, tendo en conta a obrigatoriedade de que o acto de defensa sexa público, e na publicación do TFG ou TFM.

c) Os requisitos relativos á prevención de riscos, así coma outras cuestións que cada centro considere relevante incluír nos seus regulamentos respectivos.

d) Quen pode dirixir e/ou supervisar o TFG ou TFM, tendo en conta o establecido no artigo 3.1 desta normativa. No caso de incluír persoal alleo á UDC cumprirá indicar baixo que condicións. Así mesmo, estableceranse as funcións da persoa ou persoas que dirixan o TFG ou TFM.

e) O procedemento para ofertar TFG ou TFM, que deberá garantir que todo o alumnado matriculado nel poida, efectivamente, realizalo no período correspondente ao que lle dá dereito a súa matrícula.

f) O procedemento para lle asignar temas e directores/as ao alumnado implicado coa antelación suficiente para que o TFG ou TFM poida realizarse e defenderse no período previsto. A este respecto, debe garantirse a igualdade de oportunidades entre o alumnado para optar ás propostas e entre o profesorado para ofertar temas e actuar como director/a.

g) As modalidades de defensa permitidas (presencial/virtual) e o procedemento que ten que seguir o estudiantado para solicitar, de ser necesario, outra modalidade alternativa, segundo o disposto no artigo 4.5 desta norma. Tamén se establecerá a posibilidade de que se realice en grupo, de acordo ao establecido no artigo 3.2 desta normativa, e as posibles metodoloxías de defensa que se considere utilizar nas distintas titulacións.

h) A conformación dos tribunais de avaliación, tendo en conta, ao menos, o establecido no artigo 5 da presente normativa e mais as funcións que se lles asignaren.

i) Os tempos mínimo e máximo que poderá durar a defensa de cada traballo, incluída a exposición e o debate.

j) As instrucións que o alumnado debe seguir para presentar e solicitar a defensa dos seus TFG ou TFM e o procedemento de selección e envío ao Servizo de Biblioteca dos traballos que serán publicados no Repositorio Institucional da UDC (RUC).

k) No caso dos programas de simultaneidade de dobres titulacións con itinerario específico, a determinación da necesidade ou non de ter superados todos os créditos correspondentes a cada un dos títulos –agás os dos traballos fin de estudos– para poder defender o TFG ou TFM.

5. No caso de novas titulacións, os regulamentos de TFG e TFM deberán estar aprobados e publicados, con axuste a estas directrices, antes de finalizar o ano natural en que comezar a implantación do penúltimo curso da titulación (normalmente terceiro curso para as titulacións de grao e o primeiro curso das titulacións de mestrado de 90 ou 120 créditos ECTS). Para titulacións de mestrado de 60 créditos ECTS, o regulamento deberá estar aprobado e publicado antes do inicio do mes de decembro do curso en que será de aplicación.



### **Disposición derogatoria**

Queda derogada a Normativa reguladora da matrícula e a defensa do Traballo Fin de Grao (TFG) e do Traballo Fin de Mestrado (TFM) aprobada polo Consello de Goberno do 19 de decembro de 2013, así como calquera outra disposición de igual ou inferior rango que se opoña ao disposto na presente normativa.

### **Disposición derradeira**

1. Esta normativa entrará en vigor para o curso 2025/26, a excepción do segundo paragrafo do artigo 4.5, que será de aplicación inmediata. Para estes efectos, os centros deberán aprobar, no prazo máximo de dous meses desde o día seguinte á publicación desta normativa no TEO, unha regulación transitoria que recolla, no seu caso, o procedemento que cómpre seguir para solicitar a defensa virtual dos TFE que lle corresponder, a cal deberá remitirse á Comisión de Plans de Estudo para que emita o informe recollido no artigo 2.2.
2. Os centros deberán adaptar os seus actuais regulamentos de TFG e TFM antes do inicio do curso académico 2025/26, para o que deberán remitirse á Comisión de Plans de Estudo antes do 17 de xuño de 2025.
3. Facúltase á persoa titular da vicerreitoría con competencias en xestión académica e títulos para interpretar e desenvolver esta normativa.